

**Área: Competicións**

**Circular nº 04 - Temp. 24/25**

## **SEGURO DEPORTIVO OBRIGATORIO E DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DA TEMPADA 24/25**

A nova póliza do seguro deportivo para a tempada 24/25 terá coma data de efecto o **20/07/2024**. Para a tramitación da licenza da tempada 2024/25 deberase ter solicitado e pagado o seguro correspondente á nova póliza.

Informar que a compañía será Everest, cumprindo coas coberturas indicadas polo Real Decreto, ademais, a tramitación dos sinistros será a través da aplicación de Itegra mellorando os protocolos de comunicación, os tempos de asistencia e o control da sinistralidade.

**IMPORTANTE:** Dende a Federación Galega de Balonmán rogamos que se faga un uso responsable do Seguro Deportivo Obrigatorio: non acudindo por urxencias en casos que non requiran este servizo, asistindo aos centros concertados na medida do posible e comunicando os accidentes única e exclusivamente nos casos de competición ou adestramentos que contén co visto bo da Federación Galega de Balonmán. O mal uso do seguro provoca unha sinistralidade elevada e un incremento na prima de renovación da póliza.

Na asemblea ordinaria do 28 de xuño de 2024 analizáronse os datos e informouse de que debido á elevada sinistralidade da tempada 23-24, e sobre todo debido ao alto índice de intervencións cirúrxicas respecto aos sinistros, a mellor oferta supoñía un incremento da prima dun mínimo do 20%. Tras o remate da negociación con varias compañías e o estudo da sinistralidade, e coa intención de paliar os problemas xurdidos coas preexistencias, a federación optou por seguir co mesmo bróker asegurador (BMS). Xa podedes consultar a póliza na páxina web.

Deste xeito, comunicamos os importes de cada unha das categorías tanto no referente á mutualidade coma aos dereitos de participación son os seguintes:

### SEGURO DEPORTIVO

CATEGORÍA	PRIMA SEGURO TEMPADA 23-24	PRIMA SEGURO TEMPADA 24-25	VARIACIÓN %
DIV.HONRA MASCULINA (ASOBAL)	363,89€	371,18€	+ 2%
DIV.HONRA FEMININA	326,70€	349,56€	+ 7%
DIV. PRATA MASCULINA	326,04€	348,86€	+ 7%
DIV. OURO FEMININA	-	298,07€	-
DIV. PRATA FEMININA	248,16€	265,53€	+ 7%
1ª DIV. NACIONAL MASCULINA	287,00€	295,61€	+ 3%
SENIOR MASCULINO / FEMININO	221,36€	236,85€	+ 7%
XUVENIL MASCULINA/ FEMININA	147,84€	158,18€	+ 7%
MENORES DE 6 ANOS	10€	12€	+20%
OFICIAIS, TÉCNICOS, ÁRBITROS	112,28€	135,00€	+ 20%
ANOTADORES/AS, CRONOMETRADORES/AS	93,00€	113,00€	+ 21%

### DEREITOS DE PARTICIPACIÓN

1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASULINA	538 €
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	538 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	336 €
2ª DIVISIÓN AUTONÓMICA FEMININA	336 €
3ª DIVISIÓN AUTONÓMICA MASCULINA	250 €
XUVENIL (Masc. e Fem.)	112 €
CADETE (Masc. e Fem.)	72 €
INFANTIL (Masc. e Fem.)	54 €
ALEVÍN 7	36 €
ALEVÍN 5	24 €
BENXAMÍN	24 €
RESTO CATEGORÍAS	Gratuitas

En Vigo a 23 de xullo de 2024.